

Examinado o informe proposta elaborado polo Servizo de Recursos Humanos con data 25/02/2020 e que literalmente transcrito di:

“Mediante resolución de data 11/02/2020 iníciase o expediente para a selección de persoal ao abeiro do programa de inclusión social. Resolución na que se procede ao nomeamento das persoas que formarán parte da comisión avaliadora.

O persoal técnico a seleccionar está formado por psicólogos/a, traballadores/as sociais, orientador/a laboral e educador familiar.

Por mor dun erro na resolución citada non se tivo en conta a distinta categoría á que pertence o persoal técnico psicólogo que se encadra no grupo A, subgrupo A1.

O Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral del Estado establece nos seus artigos 11 e 12 respecto do tribunais e comisións de selección que deberán estar formados por funcionarios cun nivel de titulación igual ou superior ao do Corpo ou Escala en cuxa selección se vaia intervir.

Polo exposto, propónse a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi a adopción das seguintes resolucións:

Primeiro.- Rectificar a resolución de data 11/02/2020 no seguinte sentido:

Designar como membros integrantes da comisión avaliadora que, con base á preselección do Servizo Público de Emprego, procederá á selección final de aspirantes dentro da **categoría de psicólogo/a** para o fin de efectuar os correspondentes nomeamentos como funcionarios interinos para a execución do programa de inclusión social, ás persoas que de seguido se citan:

- Presidente: Iria Buján Vázquez xefa de Servizo de Benestar Social, Igualdade e Xuventude
 - Suplente: Rogelio Cenalmor Palanca xefe de Servizo de Contratación
 - Secretario: Leopoldo Moure García, secretario xeral do Concello de Ferrol
 - Suplente: Paula Vazquez Carrasco, oficial maior do Concello de Ferrol
- Vogais:
- María Jesús Calvo Camba, psicóloga do Concello de Ferrol
 - Suplente: José Luis Espada Golpe, arquitecto do concello de Ferrol
 - Efrén Pernas Fernández, xefe de Servizo de Urbanismo e Infraestructuras
 - Suplente: Elena López Fernández asesora xurídica da Área de Benestar, Igualdade e Xuventude
 - Joaquín Martínez Cubero, xefe de Servizo da Área de Cultura
 - Suplente: Paula Castro Mazorra, tesoureira do Concello de Ferrol

Designar como membros integrantes das outras tres comisións avaliadoras que, con base á preselección do Servizo Público de Emprego, procederá á selección final de aspirantes dentro das **categorías de traballador/a social, orientador/a laboral e educador/a familiar** para o fin de

efectuar os correspondentes nomeamentos como funcionarios interinos para a execución do programa de inclusión social, ás persoas que de seguido se citan:

- Presidente: Laura López González, xefa de Sección de Benestar, Igualdade e Xuventude
 - Suplente: Rogelio Cenalmor Palanca xefe de Servizo de Contratación
 - Secretario: Leopoldo Moure García, secretario xeral do Concello de Ferrol
 - Suplente: Paula Vazquez Carrasco, oficial maior do Concello de Ferrol
- Vogais:
- María Jesús Calvo Camba, psicóloga do Concello de Ferrol
 - Suplente: Javier Pedreira Pérez traballador social do Concello de Ferrol
 - Elena López Fernández asesora xurídica da Area de Benestar, Igualdade e Xuventude
 - Suplente: Milagros Puig Mosquera xefa de Sección de Medio Ambiente, Zona Rural, Servizos e Obras
 - Engracia Dopico González, xefa de Sección de Promoción Cultural e Turística
 - Suplente: Joaquín Martínez Cubero, xefe de Servizo de Cultura, Educación, Deportes e Turismo

Segundo.- A comisión avaliadora poderá nomear persoal asesor que formará parte desta con voz e sen voto.

Non obstante, vostede resolverá. “

Examinada así mesmo a documentación que o acompaña, así como o informe da Intervención.

Decreto.- Vista a proposta apróboa nos seus propios termos.

Así o manda e asina a concelleira delegada titular da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi mediante delegación conferida por resolución da Alcaldía-Presidencia de data 08/07/2019 na Casa do Concello de Ferrol o día que figura na sinatura dixital

Dou fe,
O secretario xeral